

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de novembro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de novembro de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. José Antonio Feijoo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Vicente Gómez García	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de outubro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA OU-0703 TRIVES-CHANDREXA", N.º 110/POS/2018, NO CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da Lei de estradas de Galicia.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietario	Cualificación	Dominio
326	35	41	32064A03500041	- ROSARIO ÁLVAREZ MERINO	CASTIÑEIRA	207,95
327	35	40	32064A03500040	- JESÚS PÉREZ VILLARINO	MATAGUEIRA	576,68
336	35	45	32064A03500045	- ELISA FERNÁNDEZ	PRADOS	182,90
337	35	46	32064A035000460000	- HROS. MANUEL ÁLVAREZ MACÍAS	PRADOS	90,82
338	35	50	32064A035000500000	- HROS. PABLO PÉREZ FERNÁNDEZ	PRADOS	28,47

3º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ACTUACIÓNS CONTRA A DESPOBOACIÓN E ENVELLECIMENTO NA PROVINCIA DE OURENSE.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, resume o contido da moción presentada.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación impulsará un **acordo que promova un Plan de Acción contra o despoboamento e o envellecemento** nas comarcas do rural da provincia que o sofren, contando cos territorios e coa sociedade civil, con medidas concretas, con dotación orzamentaria propia e que sexa avaliado anualmente con medidas como axudas aos concellos para garantir os servizos obrigatorios, un plan de mellora das redes viarias provinciais e municipais dos concellos tendo en conta o índice de despoboamento e

envellecemento e outras accións dentro das competencias que lle corresponden á Deputación. No plan incluíranse, tamén, medidas para colaborar con outras administracións en diversas accións, tales como poden ser: a creación de áreas de empresas, extensión da banda larga, apoio ao desenvolvemento forestal e a novas actividades, o cooperativismo e comercialización dos produtos e proxectos, a creación e mantemento de servizos de transporte entre as poboacións rurais, o incremento de escolas infantís adaptadas a eses territorios así como centros atención maiores e outros que se propoñan. O citado Plan de Acción será elaborado polo **Consello provincial de loita contra o despoboamento no rural da provincia de Ourense** e que se constituirá coa participación de concellos e sociedade civil (entidades sociais, axentes económicos, etcétera) dos territorios afectados con maiores índices de despoboamento e envellecemento. Este consello aprobará cada ano a proposta de actuacións para o exercicio seguinte que lle corresponda á Deputación e que serán incluídas nos seus orzamentos.

2º.- O Pleno da Deputación de Ourense **reclama da Unión Europea un plan urxente de medidas concretas e inmediatas** para favorecer o desenvolvemento das comarcas que sofren o despoboamento e o envellecemento de forma grave co obxectivo de frear este proceso, primando que os fondos de desenvolvemento se destinen a estes territorios.

3º.- O Pleno da Deputación **reclama do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia** que, ao mesmo tempo que se aproba a estratexia nacional contra a regresión demográfica, se poñan en marcha **accións inmediatas** para actuar nas comarcas da nosa provincia que sofren despoboamento e envellecemento, con medidas de discriminación positiva que favorezan o seu desenvolvemento e que inclúan, entre outras, beneficios fiscais e nas cotas da seguridade social, nos prezos da electricidade, combustibles e telefonía así como primas nos fondos para os concellos. Medidas para achegar a estes territorios servizos que corresponden a estas administracións así como as incluídas nas conclusións aprobadas en 2015 nas comisións específicas creadas no Senado, as propostas pola FEMP e no informe do CES (Consejo Económico y Social). E, no tocante á administración autonómica, que se desenvolvan axudas a empresas e de

fomento para a creación de emprego; medidas para favorecer o asentamento neses territorios de novos residentes; medidas para adecuar os servizos que lle corresponden á Xunta de Galicia (educación e atención infantil, sanitarios, dependencia, etcétera) ás peculiaridades deses territorios; medidas de posta en valor dos produtos (agrarios, gandeiros, forestais, enerxías renovables) e diversificación económica (turismo, instalación de empresas, repercusión enerxías renovables no territorio); axudas específicas para a compra e rehabilitación de vivendas e de terras e explotacións; medidas de fomento do cooperativismo e asociación. Que se inclúan tamén medidas para adaptar a estes territorios, con novas fórmulas, os servizos necesarios como os de banca, farmacia, tramitacións administrativas, buscando negocios con fórmulas novas acordes ao rural e que se prime nas retribucións aos traballadores públicos que residan nestas poboacións así como favorecer aos residentes nas condicións de acceso a prestacións públicas (Risga, desemprego, dependencia...) e outras medidas que contribúan ao asentamento de poboación no rural.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- O presidente da comisión explica que, aínda que a moción se presentou en prazo, debido a un erro administrativo non se incluíu na orde do día, polo que se propón o seu tratamento como moción urxente.

Por unanimidade apróbase a urxencia e trátase o seguinte asunto:

4º.A.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN POLÍGONO AGROPECUARIO NO MONTE MEDO.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión non ditamina favorablemente a adopción do acordo proposto na moción.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, pregunta se desde a Deputación Provincial se efectúa algún tipo de control sobre as actuacións de retirada de niños de avespa velutina por parte dos GES.

O **presidente da comisión** responde que non e que a Deputación unicamente ten os datos dos bombeiros da propia Deputación e os do Consorcio Provincial, e que, en todo caso, se podería pedir información ao 112, que é quen coordina esas actuacións.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, explica que na súa comarca o servizo non está funcionando correctamente, polo que formula un rogo para que a Deputación Provincial interveña neste asunto para que o servizo sexa máis eficiente.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.